MEMORIA COMPLEMENTARIA DA MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (Atriga)

A través desta memoria compleméntase a memoria funcional de data 12/06/2025 da proposta de modificación da RPT da Atriga, modificada pola memoria complementaria do 18/07/2025.

Os cambios propostos son os que se relacionan:

CREACIÓNS:

1. **POSTO DE NOVA CREACIÓN NA ÁREA DE COORDINACIÓN, XESTIÓN ECONÓMICA E ASUNTOS XERAIS**

Mediante o Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda modificouse o Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproban os seus estatutos. O obxecto desta modificación era redistribuír e concretar funcións na súa estrutura para reforzar e garantir un idóneo desenvolvemento e execución das actuacións que lle son propias a Atriga e, entre as modificacións introducidas, destaca a referida á creación da Área de Coordinación, Xestión Económica e Asuntos Xerais, co obxecto de aglutinar as funcións de carácter transversal ás distintas áreas tributarias e as relativas a funcións e organización interna da Atriga. Dentro delas correspóndenlle as funcións de organización e supervisión do desenvolvemento e implementación dos sistemas de análise da información, supervisión e control do funcionamento da Atriga, así como a auditoría de toda a actividade tributaria da Atriga.

En aplicación do Decreto 24/2008, de 28 de febreiro, polo que se regulan os órganos estatísiticos sectoriais e se establece o procedemento de designación, desígnase como órgano estatístico sectorial na Atriga á Área de coordinación, Xestión económica e

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: yoBrCfw2bMI1 https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

Asuntos xerais.

Doutra banda, a necesidade de adoptar decisións de adaptación aos entornos nos que opera a Axencia, na consecución dunha eficacia e eficiencia na asignación dos seus recursos e na planificación das súas actuacións para a obtención dos obxectivos de prestación de servizos de calidade aos obrigados tributarios, cunha orientación de facilitar o coñecemento tributario e o cumprimento voluntario das obrigas tributarias, e da selección e detección dos riscos de fraude fiscal, exixen un tratamento continuo dos datos a disposición dela así como dos datos xerados por ela, que permita a súa análise dende diferentes perspectivas ao servizo das diferentes finalidades sinaladas.

A isto, temos que engadir que a demanda de información está a crecer nos últimos tempos como consecuencia da necesaria transparencia na actuación das administracións públicas.

A materia tributaria é de especial transcendencia para o seguimento adecuado das circunstancias que inciden no comportamento e evolución dos ingresos, nas tendencias recadatorias. Así mesmo, cómpre facer o seguimento da evolución das medidas adoptadas nos tributos coa finalidade de contrastar a eficacia na consecución dos obxectivos perseguidos co seu establecemento.

Do mesmo xeito, cómpre facer simulacións e evolucións que permitan coñecer de forma predictiva o impacto que poden levar determinadas regulacións tributarias ou determinadas modificacións nos impostos existentes, xa sexa nun sentido económico, como demográfico, medioambiental, etc.

As ditas necesidades de información estatística de carácter tributario exixen un reforzo na Axencia Tributaria de Galicia que permita a definición dos requirimentos e funcionalidades dos sistemas de obtención da información e o seu tratamento, e dos estudos de carácter estatístico tributario que se demanden polas áreas funcionais da Axencia Tributaria de Galicia en coordinación co Instituto Galego de Estatística.

O exposto pon en relevancia a necesidade de creación dun posto aberto ás escalas superior e técnica de estatística coas características que se describen:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: yoBrCfw2bMI1 https://sede.xunta.gal/cve

CENTRO DE DESTINO: ÁREA DE COORDINACIÓN, XESTIÓN ECONÓMICA E ASUNTOS XERAIS							
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**LIÑA**
FC.A20.00.005.15770.003	Xefatura de Sección	A1A2	25	C	XSE/XME	AXG	2571

XSE XERAL (ESCALA SUPERIOR DE ESTATÍSTICOS)

XME XERAL (ESCALA TÉCNICA DE ESTATÍSTICOS)

Esta medida adóptase logo de sopesar que redundará en beneficio da calidade na prestación do servizo público.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela

A directora

Asinado por: LAFONT SENDINO, MARIA SONIA
Cargo: Directora da ATRIGA
Data e hora: 22/07/2025 20:35:27

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: yoBrCfw2bMI1 https://sede.xunta.gal/cve